

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE XANEIRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR

D. ANTONIO CAÑÁS VARELA
D^a MARÍA OFELIA RAMOS LUNA
D^a. MARÍA NIEVES VÁZQUEZ GRELA

Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

D^a MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. CARMELO CORTÉS SÁNCHEZ
D^a. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO

D. JOSÉ JUAN SANTOS IGLESIAS
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

Polo GRUPO MIXTO

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)
D. JESÚS MANUEL VÁZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

Concelleira non adscrita

D^a VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Toma posesión como concelleiro da Corporación, e asiste á sesión na súa condición de concelleiro a partir da súa toma de posesión no punto número 2 da orde do día, don Antón Prieto García.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 25/10/2018, 29/11/2018 E 19/12/2018.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións ordinarias celebradas en datas 25 de outubro de 2018 e 29 de novembro de 2018 e extraordinaria celebrada en data 19 de decembro de 2018, das que se entregaron copias remitidas coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinarias de datas 25 de outubro de 2018 e 29 de novembro de 2018 e extraordinaria de data 19 de decembro de 2018, sendo aprobadas por unanimidade dos sres./as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinarias celebradas en datas 25 de outubro de 2018 e 29 de novembro de 2018 e extraordinaria celebrada en data 19 de decembro de 2018.

2.- TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE DON ANTÓN PRIETO GARCÍA.

Seguidamente sube ao estrado Don Antón Prieto García, quen procede á lectura da fórmula de xuramento manifestando que xura pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Culleredo con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Rematada a lectura, toma posesión como Concelleiro da Corporación Don Antón Prieto García e se incorpora á sesión.

O sr. Alcalde dalle a noraboa ao Sr. Prieto García polo seu nomeamento e di que aínda que produza tristeza o feito de que un concelleiro tivera que deixar a súa acta de concelleiro para que el chegara, sabe da ilusión que desde mozo tiña o Sr. Prieto García dentro das siglas do seu partido de chegar a ser concelleiro do Concello de Culleredo e que agora se ve cumprida; que é un honor xa que o coñece desde moi neno e se alegra por el e tamén de ser alcalde do Concello de Culleredo no momento en que toma posesión como concelleiro da Corporación, non tendo dúbida ningunha do interese co que o Sr. Prieto García, nacido e que vive en Culleredo, vai desenvolver o seu traballo pensando no interese xeral de todos os veciños e veciñas de Culleredo, que o defenderá integramente desde as bancadas da fiscalización que corresponde á oposición e aportando a positividade que a súa formación e a súa personalidade vai supoñer para a Corporación;

Remata a súa intervención convidando ao Sr. Prieto García a que, se o desexa, dirixa unhas palabras á Corporación.

A continuación, o Sr. Prieto García intervén e di que agradece as palabras do sr. Alcalde, agradecendo tamén ao resto da Corporación e aos veciños, e indica que tiña ganas xa de asumir o papel de concelleiro de Culleredo, agardando estar á altura non só dos votantes senón de todo o que representa a concellería.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE TITULARIDADE DA AC213.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 22 de xaneiro de 2019, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación na súa sesión de data 24 de xaneiro de 2019, que literalmente di:

“Obter benestar colectivo e individual no noso municipio supón, entre outras materias sectoriais, conseguir a xestión das infraestruturas que serven preferentemente á articulación do termo municipal e entre elas, basicamente, as estradas, que constitúen un factor transcendente no desenvolvemento económico e social do territorio, e inducen á xeración de cambios nos patróns de distribución da poboación e das actividades produtivas e de lecer. Por tanto que a rede de transporte e de mobilidade que constitúe o sistema de estradas municipal pódase xestionar directamente desde o Concello, no ámbito das súas competencias, é a mellor decisión que pode adoptarse para contribuír especialmente á estruturación do territorio e a configurar desde a Corporación cal debe ser o seu trazado, desenvolvemento, contido e usos. É por iso que o Concello de Culleredo ten interese en que a titularidade da estrada AC 213 e terreos de dominio público adxacentes ao seu trazado, en canto se refire ao seu percorrido neste término municipal, lle sexa transferida, na súa totalidade, unha vez acabadas as actuacións de mellora e conservación realizadas na mesma.

A tenor do previsto no artigo 9.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e do artigo 18 do DECRETO 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, os cambios de titularidade de estradas ou tramos delas, deberán ser aprobados pola Consellería correspondente.

Por outra parte, a citada Lei de estradas dispón no artigo 9.7 que os cambios de titularidade poderán incluír estradas, tramos delas, elementos funcionais e/o espazos da zona de dominio público adxacente.

Polo exposto, **PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:**

C.I.F. P-1503100-H

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia a transferencia da titularidade da estrada AC213 e terreos de dominio público adxacentes ao seu trazado, en canto se refire ao seu percorrido neste término municipal, na súa totalidade, unha vez acabadas as actuacións de mellora e conservación realizadas na mesma.

Segundo.- En aplicación dos apartados 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Culleredo se compromete a modificar o seu catálogo de estradas para incluír o cambio de titularidade solicitado.

Terceiro.- Levar a cabo, no seu caso, as actuacións necesarias ante os organismos oficiais correspondentes para regularizar a titularidade dos terreos adxacentes obxecto de cesión.

Cuarto.- Levar a cabo todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación tanto do viario como dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos, a partir da formalización da entrega.

Quinto.- Autorizar ao Sr. Alcalde a levar a cabo tódalas actuacións derivadas do presente acordo.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que desde Ciudadanos poden estar de acordo en que verdadeiramente, debido ao tráfico rodado, as transferencias das estradas dentro do Concello pódense tomar dun xeito máis global para mellorar tamén esa viabilidade, sobre todo polo entorno urbano das estradas, preguntando tamén pola estrada AC-211, que discorre por Fonteculler e Acea de Ama e que xa é de titularidade do Concello, dado que xa desde Ciudadanos propuxeron nas comisións informativas obras de mellora, sobre todo en zonas de glorietas, porque hai moita problemática en temas de circulación especialmente nas vías máis urbanas do Concello e non viron que ao longo do tempo se fixeran esas melloras, preguntándose agora a que vai encamiñada esta proposta e que vai cambiar, se vai mellorar o tráfico, xa

3 de 66

que ao reverter a titularidade da AC-213 haberá que facer investimento e non sabe se hai esa dispoñibilidade.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que hai uns meses, no mes de xuño, fixeron un rogo pedindo que, vendo como estaba quedando a travesía e tras o anuncio na prensa de que se ía solicitar a súa transferencia unha vez rematadas as obras, proposta que hoxe se trae á sesión, non se recibira nas condicións nas que se atopaba; que o solicitaron naquel momento porque so con acercarse á rotonda na que finaliza esa travesía pódese ver que a accesibilidade e a mobilidade no lado esquerdo da beirarrúa, dirección Cambre, non cumpre nin as ordenanzas municipais de accesibilidade e mobilidade, nin a normativa da Xunta ao respecto, nin cumpre, sobre todo, e desafía, ao sentido común, solicitando xa naquel momento que se consultara á xente que vai en cadeira de rodas cara ao tanatorio, por exemplo, e que non pode transitar por aí, e que so dando un paseo se poden ver os desniveis que hai e pódese comprobar que é totalmente inviable e intransitable; que iso o dixo no mes de xuño e cre recordar que nesa data o equipo de goberno lle deu a razón sobre o que dicía e que ao pouco tempo viron na prensa unha nota recollendo as queixas dos veciños de Almeiras á Xunta polo mal estado das obras; que aos poucos días a Xunta replica que a obra en Almeiras executouse de forma coordinada co Concello; que a xente está contrariada e el tamén, pois esa obra nin cumpría no seu momento as normas de accesibilidade nin cumpre agora e que non é so iso pois hai que ver se se incorpora un activo ou un pasivo porque ao ver os antecedentes atópase que cando se incorporou a AC-211, a travesía que vai ata Fonteculler, o primeiro que se fixo foi unha rotonda en Fonteculler e que o lóxico sería que se pedira á Administración competente que a entrega da vía se fixera nunhas condicións axeitadas e se o Concello considera que aí debería haber unha rotonda, se debería solicitar que se fixera; que el xa ten dito que, con respecto á vía AC-213, había que solicitar unha rotonda á altura de Pablo Picasso, onde hai dúas medias lúas a modo de rotonda que supoñen un punto de accidentes; que o mesmo ocorreu cando se recibiu a N-550 e que o que se debe recibir é un activo, non unha carga.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención e di que ten a ordenanza de mobilidade, que está colgada e se poden ler varios parágrafos onde fala das pendentes e de como debe ser incluso para edificios de acceso público e privado, debendo dar exemplo a administración pública polo que cre que de ningunha maneira se pode recibir unha obra así; que tampouco se pode aceptar unha proposta cun parágrafo coa indefinición que supón cando di "(.../...) unha vez acabadas as actuacións de mellora e conservación realizadas na mesma."; que non se pode aceptar unha proposta cunha indefinición desta maneira pois isto xa ocorreu máis veces e hai precedentes pois aprobouse un convenio para solicitarlle á Consellería de Educación o peche por parte do Concello da polideportiva do instituto Rego de Trabe e quedou en nada, téndose que enterar por fóra pois no Concello nada se dixo de que non fora posible levar a cabo o acordado colectivamente pola Corporación; que pasou algo parecido coa mellora de alumeado da ponte medieval, que se aprobou con urxencia porque o equipo de goberno dixo que así se tiña que facer porque era algo compartido co Concello de Cambre e para o que pediron un voto de confianza que non serviu para nada pois despois houbo que traelo de novo a pesar da urxencia con que se tiña tratado ese tema porque estaba mal; que o tema principal que confirma que hai que continuar na liña de non poder confiar no goberno municipal foi cando se aprobou un convenio cun promotor para facer unha permuta de parcelas para o colexio Ría do Burgo na que se autorizaba ao alcalde para...

Neste momento intervéñ o Sr. alcalde-presidente e pregunta que ten que ver o que está a falar o Sr. Chouciño coa proposta que se está debatindo, pedíndolle ao Sr. Chouciño que se centre no punto da orde do día.

Retoma a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que se trataba dun convenio de permuta da parcela e que todos saben como rematou e que non se pode aceptar esta proposta que se presenta coa indefinición que supón solicitar a transferencia "unha vez acabadas as actuacións de mellora e conservación realizadas na mesma."

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que se presenta unha proposta pero para poder decidir se isto interesa e é unha

mellora ou non para os veciños de Culleredo faría falta un informe, canto podería supoñer despois manter esta infraestrutura, un mínimo de información e de datos pois do contrario non saben en base a que van votar.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que co permiso do Sr. alcalde quere, en primeiro lugar, dar a benvida ao novo compañeiro, concelleiro do grupo popular, Sr. Prieto García, que lle desexa moita sorte e que está seguro de que vai estar á altura dos veciños; que vai tratar de ser conciso e que non lle gusta como está agora mesmo a estrada da que se quere solicitar a transferencia; que xa se falou no Pleno e que houbo outros grupos que trouxeron propostas para facer cousas distintas e que a semirrotonda que hai á altura de Pablo Picasso non lle gusta como tampouco lle agrada que pola banda esquerda desa estrada cara ao tanatorio non haxa unha beirarrúa e uns pasos de cebrá onde cruzar por Pablo Picasso e que sobre todo entende que, se se quere coller esta estrada, é para mellorar, pero deberían contar que van facer con esa vía pois está de acordo en coller esa vía para facela máis habitable pero debería saber que se vai facer, se van arranxar esa semirrotonda e van poñer máis pasos de cebrá, se van iluminar a rotonda ou non; se se van sinalizar os pasos de cebrá ou non; se se van poñer semáforos ou non, e á vista desa información poder valorar se están de acordo ou non, supoñendo que tal como preguntou a Sra. Ferreiro Varela, terán un estudo que indique cal é a inversión que suporía a transferencia pretendida.

Intervén a continuación o alcalde-presidente e di que a intención é clara: que a Xunta de Galicia ten unhas directrices para as súas estradas, tanto á hora da súa construción como da seguridade vial e que a estrada de Almeiras, na AC-213, é un núcleo case urbano onde hai polígonos industriais, etc; que por activa e por pasiva, o goberno municipal, en reiteradas ocasións, fixo achegas para mellorar a seguridade vial e a Xunta baséase sempre nas normas que teñen a nivel Galicia neste tipo de estradas; que Culleredo chegou a un acordo coa Xunta en relación coa mellora do firme xa que se atopaba moi deteriorado e houbo que investir case 700.000 euros nela; que a AC-213 carecía de beirarrúas na súa marxe esquerda indo cara a Santiago, sendo certo que podería incumplir pero que os informes da Xunta de Galicia din que non incumpe porque todos os parámetros de accesibilidade etc van tendo en conta a pendente que ten a propia estrada, tendo que verse tamén como os veciños e veciñas de Culleredo e concretamente da parroquia de Almeiras, que non podían saír das súas casas, agora poden saír por unha beirarrúa; que a única forma de que Culleredo poida actuar directamente neste tipo de estradas é tendo a súa titularidade e os investimentos que se precisen iranse vendo progresivamente sabendo todos que xa teñen reclamado algún paso de peóns diante dalgún tanatorio que lles foi denegado e melloras na seguridade vial que foron tamén denegadas, que se pediu unha redución na velocidade desa estrada e que tamén se denegou, chegando a un acordo coa Xunta de Galicia, que está gobernada polo partido popular, con respecto á AC-211 na súa presentación estaba o Partido Popular polo que lle estraña que precisamente sexa o Sr. Cañas Varela quen discrepe de como de está a tramitar agora esta solicitude.

Continúa a súa intervención o alcalde-presidente e di que el fixo as súas achegas á Xunta de Galicia sobre esta estrada e sempre lle dixeran non; que pediu facer unha rotonda, solicitada por todos os grupos municipais, á altura do linde O Burgo-Almeiras, e lle dixeran que non, que no momento en que a estrada fora de Culleredo si poderían facer as melloras que consideraran oportunas como núcleo urbano que é; que non é nada novo pois xa se fixo coa AC-211 e nesta estrada pódense ver as melloras con que conta desde que foi transferida, podendo intervir directamente con calquera actuación como pode ser pintar a estrada, á hora de sinalar un stop, á hora do mantemento e melloras na instalación semaforica, supoñendo unha mellora indubidable sempre que se leve o control desde o Concello de Culleredo e con este tipo de convenios o que se pretende é levar unha autorización para negociar coa Xunta de Galicia e el, como alcalde e como representante municipal, non vai asinar o convenio ata que se vexan as melloras solicitadas; que xa sabe que hai que pintar a AC213 e hai que facer outra serie de melloras e o que se pide con esta proposta é poder negociar para pedir estas melloras; que todas as achegas que os distintos grupos municipais consideren necesarias serán trasladadas sen ningún problema á Xunta de Galicia pero que hai que ser conscientes de todas as peticións das asociacións de Almeiras e de todos os veciños que solicitaron que se

C.I.F. P-1503100-H

pintara un paso de peóns diante do tanatorio e que se mellorara a sinalización, peticións que foron presentadas por activa e por pasiva na Xunta de Galicia e que unha vez tras outra foron negadas, polo que a única posibilidade de poder realizar estas melloras é tendo a titularidade da estrada; que se pode ver na N-550 as melloras que se fixeron desde que o Concello pode actuar nela; que hai vicios ocultos nas estradas e que se recolle nos convenios, tal como se fixo coa N-550 ou coa AC-211, que todos os vicios ocultos que poidan ter as estradas correrán a cargo do seu titular inicial, que é a Xunta de Galicia no caso da AC-211 ou no caso da N-550 Fomento; que fai uns meses todos estaban de acordo en que había que facer melloras na AC-213 e o que se pide agora non é a cesión inmediata senón autorización para negociar e que xa foron solicitadas moitas cousas, como mellorar a seguridade vial con paneis, mellorar a pintura na avda. Da Coruña diante da farmacia que está o ceda sen pintar, habendo baches na estrada que non se puideron arranxar por mor do mal tempo, pero mentres non se autorice a negociar non poden facer nada; que hai cuestións que levan moito tempo como as expropiacións se son necesarias para realizar certas cuestións; que con respecto á rotonda da Telva, aí vai un carril-bici que vai cofinanciar a Xunta de Galicia e houbo problemas con dous veciños que non quixeron ceder os seus terreos, un metro de terreo, sendo lexítimo que non o queiran ceder e o motivo polo que o tramo está sen facer, polo que terá que ser a Xunta de Galicia quen expropie se quere facelo; que hai un proxecto para a AC-213, que incumbe ao Concello de Culleredo e ao Concello de Cambre, no que vai unha beirarrúa e un carril bici, pero para iso hai que ceder máis metros dos que están no propio arcén; que o equipo de goberno non é tan irresponsable como para asinar un convenio sen que se teñan feito todas as melloras e se faga a entrega con todas as garantías; que non pide autorización para asinar xa o convenio senón para iniciar as negociacións pertinentes e dirixese ao Sr. Cañás Varela para dicirlle que el sabe perfectamente todo o difícil que é todo este proceso, pois xa o viu coa AC211, na que se chegou a cortar o tráfico porque os veciños e veciñas do Burgo non estaban de acordo coa política da Xunta de Galicia en relación ao deseño da dita estrada; que estivo alí co delegado, don Diego Calvo, e co Sr. Cañás Varela como xefe de gabinete e que os veciños tiñan razón; que a cesión da estrada AC213 conta co beneplácito dos veciños porque saben que precisa de melloras e que desde o Concello é desde onde se poden facer, solicitándolle aos membros da Corporación un voto de confianza pois o equipo de goberno non vai recoller a AC-213 a calquer precio e antes de asinar haberá que valorar se a Xunta cumpre ou non cumpre e se á Corporación municipal lle convén investir ou non investir; que a el tampouco lle gusta a estrada AC-213 pero desde o momento en que os técnicos municipais din que si que cumpre el non o pode discutir pois el é político, non técnico, e pode dicir o que quere para os seus veciños pero non discutir a parte técnica; que pide o voto de confianza para non demorar máis este tema porque os veciños están demandando esas melloras e hai normas subsidiarias da Xunta de Galicia que son perxudiciais para os veciños á hora de pintar as súas casas, retranquear un galpón, etc., pois os retranqueos son maiores e causan un perxuízo aos veciños e veciñas de Almeiras inxustamente e que desde a propia Xunta avisan de que se colla a estrada porque é moito máis favorable para os veciños; que non é un capricho pero hai que negociar, invitando aos distintos grupos municipais a facer as achegas que consideren oportunas e que el, se é autorizado, pedirá unha cita e as levará á Xunta.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o Sr. alcalde fala de que lle teñen que dar unha autorización para negociar e durante toda a súa intervención comentou as negociacións que está a levar a cabo, non entendendo que teña que ter unha autorización do Pleno para negociar; que o alcalde di que non lle gusta pero que cumpre, podéndose buscar unha taxación contraditoria para ver se cumpre ou non; que con respecto á ansia para recoller esta estrada di que hai un goberno galego e que hai que demandarlle á Xunta que exerza as competencias que ten e neste momento as competencias sobre esta vía son do goberno galego, motivo polo que as melloras que se precisen haberá que demandarllas a eles e que, se como se dixo non o fan habitualmente, haberá que esixirlos, non podendo ser que o Pleno autorice con esa ambigüidade que supón o punto primeiro da proposta no que se solicita "Solicitar á Xunta de Galicia a transferencia da titularidade (.../...) unha vez acabadas as actuacións de mellora e conservación realizadas"; que o Sr. Alcalde pide un voto de confianza e que xa explicou que o equipo de goberno a el non lle merece ningún voto de confianza; que con respecto a como está a marxe esquerda que todos ven haberá que buscar solucións e para iso están os enxeñeiros e que el non é enxeñeiro, limitándose a establecer as necesidades

que hai porque para ver a evidencia non fai falta ser enxeñeiro, non vendo que non sexa factible demandalo e non vendo que sexa necesaria unha autorización plenaria para negociar pois como xa dixo, o Sr. alcalde vén de relatar todas as negociacións que xa se fixeron e que el non pode votar a favor coa indefinición que aprecia na proposta.

Intervén o Sr. alcalde e di que queda coas palabras do Sr. Chouciño sobre que se hai un informe dun enxeñeiro que diga que algo está ben e non gusta hai que pedir outro que diga que está mal; que o Sr. Chouciño Garrido sempre actúa así e cando algún técnico informa algo que non lle gusta hai que pedir outro informe que lle dea a razón, non dándolle valor a todos os demais; que o informe do que falou foi feito por enxeñeiros e el persoalmente estivo a pé de obra cos enxeñeiros da Xunta de Galicia, dentro do orzamento que tiñan, para coñecer as necesidades individuais de cada veciño e de cada veciña dentro do proxecto axustado e aprobado pola Xunta de Galicia, desde o primeiro punto da AC-213 ata o último, vendo se as modificacións que se querían facer eran factibles tendo en conta os informes técnicos pero que o Sr. Chouciño deixa moi clara a súa postura e que cando un informe non lle dá a razón, pide outro que si o faga.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que é certo que para solicitar á Xunta chega coa proposta pero para saber se interesa ou non hai que saber a valoración do que vai supoñer porque o Sr. alcalde vén de dicir que a Xunta gastou só en firme 700.000 euros.

Intervén o alcalde-presidente, Sr. Rioboo Castro, e di que os 700.000 euros foron para a obra.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención a Sra. Ferreiro Varela e di que seguramente sexa beneficiosa a transferencia pero non atopa forma de explicarlle aos veciños o seu beneficio sen que haxa un informe de valoración que diga que si é conveniente; que a Xunta vai facer algúns arranxos pero non todos

De seguido intervén o Sr. alcalde-presidente e di que á Sra. Ferreiro Varela lle gusta tamén rizar o rizo pois el dixo que a obra custara 700.000 euros, non un paso de peóns; que a obra se vai recibir, se se conta co apoio e o beneplácito da Corporación municipal, e que a Sra. Ferreiro Varela xa viviu algunha cesión de estradas na súa etapa de concelleira de Seguridade Cidadá e sabe como é o procedemento; que este que se trae hoxe ao Pleno é do máis transparente e que el podía asinar coa Xunta sen traer a proposta ao Pleno, sen ter en conta aos veciños e sen ter en conta aos representantes veciñais, e que o equipo de goberno trae ao Pleno a proposta e vai ter en conta as distintas aportacións de todos os grupos municipais pois lle gusten máis ou menos, considera que todas son positivas.

Seguidamente solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que non lle gustou a intervención do Sr. alcalde pois deu a impresión de que estaba botándolles unha bronca en vez de responder ao que se lle preguntou; que non é certo o que dixo sobre que o Sr. Cañas estivo na recepción da AC-211 e que cando foi o problema da AC-211 o actual alcalde era concelleiro da oposición e fixo un esforzo construtivo en explicar aos veciños que o proxecto era así a demanda do Concello de Culleredo cando o Sr. Alcalde dicía que era así porque o fixera a Xunta; que el non dixo en ningún momento se lle gusta ou non pero para dar o seu apoio gustaríalle que lle dixeran que se vai facer nesa vía porque para iso están as comisións informativas e as xuntas de voceiros, caso no que podería dicir se lle gusta ou non e facer as aportacións que considerara oportunas pero non se lles informou de nada e non saben o que van facer nesa rúa nin o Sr. alcalde lles informou en toda a súa intervención.

Intervén a continuación o alcalde-presidente e dille ao Sr. Cañas Varela que cre que está equivocado pois falou dunha rotonda no linde entre Almeiras e o Burgo e que a Xunta de Galicia non accedía a esa pretensión e que ao

mellor no futuro habería que contemplala, non inmediatamente, senón nun futuro, a través dun proxecto técnico e dunha documentación técnica da que dará conta a toda a Corporación no seu momento, e que dixo e xa se falou no Pleno municipal da necesidade que había de facer unha mellora da seguridade viaria, reducir a velocidade, poñer pasos de peóns nos puntos onde hai que poñelos, pero mentras non se teña a titularidade da estrada non se pode facer nada, e que se se ten a titularidade e un veciño solicita un paso de peóns, por exemplo, non hai que solicitarlle á Xunta que o faga senón simplemente aos técnicos municipais de Culleredo se é viable poder facelo; que con respecto á apreciación feita polo Sr. Cañas sobre que non é certo o dito polo Sr. alcalde sobre que el estaba na acta de recepción da estrada AC-211, pide disculpas e aclara que se referiu a que se atopaban alí representantes do Partido Popular; que cando dixo o que lle parecía non lle deron a razón, a pesar de que dixo o mesmo que pensa o Sr. Cañas Varela.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 22 de xaneiro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Votos en contra: 1 (un) do Sr. Chouciño Garrido.

Abstencións: 11 (once) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballada Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2019 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 22 de xaneiro de 2019, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, Medio Ambiente e Obras, na súa sesión de data 24 de xaneiro de 2019, que literalmente di:

“Por resolución da Alcaldía de data 15 de outubro de 2018 acordouse iniciar o procedemento para eleixir ao xuíz de paz substituto no municipio de Culleredo, aprobar as bases e a convocatoria pública para a súa elección co fin de que as persoas interesadas puideran presentar solicitudes durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

No Boletín Oficial da Provincia de 22 de outubro de 2018 (e posterior corrección de erros no BOP de data 26 de outubro de 2018) publicáronse as bases e a convocatoria.

No prazo de presentación de solicitudes, presentáronse as seguintes:

- Dona Susana Barbeito Amor (entrada número 10970, de data 05/11/2018)
- Dona Paula Paz Abelleira (entrada número 11080, de data 08/11/2018)

Considerando, sen deixar de valorar os méritos que concorren en todas as candidatas presentadas, que se estima máis idóneo para o posto a dona Paula Paz Abelleira, pola titulación aportada e a súa experiencia en postos relacionados coa carreira xudicial.

Considerando o disposto nos artigos 99 a 103 da Lei orgánica 6/1985, do Poder Xudicial e as prescricións do artigo 6 do Regulamento de 7 de xuño de 1995, dos xuíces de paz, que atribúen a competencia para a elección destes cargos ao Pleno municipal, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Elixir a dona Paula Paz Abelleira, con DNI número 46916236P, como xuíz de paz substituto do Concello de Culleredo, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

Consta no expediente informe emitido pola Sra. Secretaria xeral do Concello, de data 11 de decembro de 2018, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Elección xuíz de paz substituto

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, e en cumprimento do disposto no artigo 54.1 b) do real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, ten a ben emitir o seguinte **INFORME**:

ANTECEDENTES

1.- Por Resolución da Alcaldía de data 15 de outubro de 2018 acordouse iniciar o procedemento para a elección de xuíz de paz substituto, aprobar as bases e a convocatoria pública para a súa elección co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a súa solicitude durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP, e comunicar á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o inicio do expediente.

2.- No Boletín oficial da Provincia de data 22 de outubro de 2018 (e posterior corrección de erros no BOP de data 26 de outubro de 2018) publicáronse as bases e a convocatoria.

3.- Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse as seguintes:

- Dona Susana Barbeito Amor (entrada 05/11/2018, número rexistro 10970)
- Dona Paula Paz Abelleira (entrada 08/11/2018, número rexistro 11080)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 101 da Lei orgánica do poder xudicial establece no seu número 1 que *“Los Jueces de Paz y sus sustitutos serán nombrados para un período de cuatro años por la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia*

correspondiente. El nombramiento recaerá en las personas elegidas por el respectivo Ayuntamiento", sinalando o número 2 que "Los Jueces de Paz y sus sustitutos serán elegidos por el Pleno del Ayuntamiento, con el voto favorable de la mayoría absoluta de sus miembros, entre las personas que, reuniendo las condiciones legales, así lo soliciten. Si no hubiere solicitante, el Pleno elegirá libremente."

En similares termos pronúnciase o Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos xuíces de paz, ao sinalar que "De conformidade con lo dispuesto en el art. 101.2 de la Ley Orgánica del Poder Judicial la elección de Juez de Paz y su sustituto se efectuará por el Pleno del Ayuntamiento con el voto favorable de la mayoría absoluta de sus miembros entre las personas que, reuniendo las condiciones legales, así lo soliciten. Si no hubiera solicitantes, el Pleno elegirá libremente con sujeción a los mismos requisitos de procedimiento", engadindo no seu artigo 8 que "Si la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia considera que las personas elegidas por el Ayuntamiento reúnen las condiciones de capacidad y de elegibilidad exigidas por la ley, expedirá los correspondientes nombramientos y ordenará su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, dando cuenta de los mismos al Consejo General del Poder Judicial y al Juez de Primera Instancia e Instrucción de Partido, o al Decano si hubiere varios" e "Si por el contrario, oído el Ministerio Fiscal, la Sala de Gobierno estima que la persona o personas propuestas por el Ayuntamiento no reúnen las condiciones exigidas por la ley, procederá a designar directamente al Juez de Paz (artículo 9.1 do Regulamento 3/1995)."

Conforme ao artigo 102 da devandita lei orgánica "Podrán ser nombrados Jueces de Paz, tanto titular como sustituto, quienes, aún no siendo licenciados en Derecho, reúnan los requisitos establecidos en esta Ley para el ingreso en la Carrera Judicial, y no estén incurso en ninguna de las causas de incapacidad o de incompatibilidad previstas para el desempeño de las funciones judiciales, a excepción del ejercicio de actividades profesionales o mercantiles".

Segundo.- Como vén sinalando o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial en Acordos – entre outros- de 15 de xaneiro de 1997, 22 de setembro de 1999, 5 de abril de 2000, 14 de xullo de 2001 e 19 de novembro de 2002, o acto de elección polo Concello dos cargos de xuíz de paz titular e substituto ten natureza discrecional, é dicir, é o resultado dunha liberdade de elección entre alternativas igualmente xustas, porque a decisión fundaméntase en criterios extraxurídicos non incluídos na lei e remitidos ao xuízo subxectivo da Administración. Como todo acto discrecional, este debe ser motivado (artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

É o que expoño neste informe que ocupa dúas (2) planas, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta e do informe transcritos.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 22 de xaneiro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (once) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias e Taibo Gago.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 10 (dez) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía, de data 22 de xaneiro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN FAVOR DA ADAPTACIÓN DA CENTRAL TÉRMICA DE MEIRAMA PARA ADECUACIÓN DAS EMISIÓN A NORMATIVA EUROPEA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, que tivo entrada no rexistro municipal o día 21 de decembro de 2018, relativa a adaptación da central térmica de Meirama para adecuación das emisións á normativa europea, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"Moción en favor da Adaptación da Central Térmica de Meirama para Adecuación das Emisións á Normativa Europea.

A central Térmica de Meirama foi construída entre os anos 1976 e 1980, iniciando a súa actividade en decembro de 1980. Sendo considerada en aquel momento unha das máis importantes do país, con un custe de 60.000 millóns de pesetas. O seu asentamento na nosa comarca debeuse principalmente á proximidade co xacemento de lignito para aproveitar ese combustible na xeración de electricidade. Naquela época produciuse unha gran loita protagonizada polos veciños de As Encrobras e arredores debido ás expropiacións que pretendían facer no val coas súas casas a prezos moi baixos. As mobilizacións populares conseguiron que os labradores obtiveran prezos dignos anque nunca ningún lles vai devolver ese lugar das súas vidas que lles pertencía, e que a día de hoxe todos recordamos con dor no estómago cada vez que visitamos a zona.

Os veciños teñen expresado publicamente o seu malestar tamén pola contaminación atmosférica que produce a central, chegando a plantexar denuncias pola excesiva contaminación. As emisións foron reducíndose, mudouse a instalación para que seguise en funcionamento a central logo do peche da mina a ceo aberto da que se extraía o lignito, que era máis contaminante, e comezou a empregarse carbón importado.

Chegou despois o tempo no que o goberno español, decidiu primar o carbón nacional para darlle saída á materia prima do noso país, anque contaminase máis, conseguindo que a central térmica que estaba adaptada para o consumo de carbón importado e menos contaminante diminuíse a súa produción anual en favor de outras centrais que non estaban adaptadas para o carbón importado, e aumentando estas a súa xeración de enerxía.

Entendemos que debe reducirse a contaminación, pero non pode permitirse que con un posible peche inmediato da Central poñan en perigo a estabilidade de milleiros de persoas sobre todo cando existen medios materiais para reducir a contaminación e adaptar a instalación a Normativa Europea de Emisións Contaminantes. E presionaremos de cantas maneiras sexan necesarias para que cedan ante a presión dos cidadáns.

Este peche afectaría de xeito significativo na economía da localidade, e condenaría a moitos traballadores a converterse nun número máis da cifra de parados. Non queremos que se faga visible a necesidade de emigrar a outras localidades pola imposibilidade de encontrar emprego en onde residimos. Ademais dos traballos directos esta central proporciona contratos a moitas pequenas empresas e os comercios viven indirectamente destas outras.

En definitiva, o peche non só condenaría os traballadores, senón tamén sería unha consecuencia directa de regresión para a nosa comarca.

Ademais de todo isto, sinalamos o seguinte:

Un estudio encargado por Greenpeace ve viable manter unha produción de carbón de respaldo coas renovables ata o 2030.

O peche das centrais térmicas de carbón en España podería elevar ata un 12% o custe do sistema eléctrico en 2025, e si lle sumamos o peche das nucleares incluso podería elevarse o custe ata o 32%. (Estudo encargado por Greenpeace ao Instituto de Investigación Tecnolóxica de Comillas)

Este peche sería outro pau a sumar de todos os que levamos na comarca con peches de empresas decenarias que deixan na rúa a miles de persoas. E recalcamos que a comarca non ten previstas actividades alternativas xeradoras de emprego estable. A recolocación de empregados nunca vai ser sinónimo de estabilidade para eles, senón do contrario, inestabilidade debido aos desprazamentos que se lle aveciñan ou incluso cambio de residencia que se lle aveciñan se queren levar un soldo para as súas casas.

E imposible alcanzar a comprender a pretensión deste peche tendo en conta que non fai tanto, en xaneiro de 2017, cando coincidiu simultaneamente unha parada de unha parte importante do parque nuclear francés, xunto coa elevada demanda e un mercado de gas natural con unha situación tensionada dos seus prezos, anque se tratase de circunstancias aparentemente excepcionais, “as centrais térmicas foron determinantes para asegurar o subministro eléctrico e reducir ademais os prezos para os consumidores”.

Polo tanto o carbón ten que seguir xogando un papel importante en ese mix enerxético porque incrementa a competencia no mercado maiorista, diversifica fontes de aprovisionamento e actúa como substituta das renovables cando non sopra o vento ou non sae o sol, suplindo ademais a nosa falta de interconexión con Francia.

Imos pagar tanto os traballadores como o entorno da nosa comarca, as erróneas políticas levadas a cabo durante anos, que se resumen en que saia máis barato importar enerxía dende Francia ou Portugal que producila en España, feito que mantén paradas varias centrais. Todo isto grazas aos impostos que gravan a actividade de xeración eléctrica.

Non comprendemos porqué non se decide adaptar a central térmica para reducir as emisións contaminantes como esixe a Unión Europea, cando isto suporía unha mellora ambiental, un investimento que xeraría postos de traballo, e unha garantía da continuidade da Central Térmica ata alomenos o 2045.

Hoxe alzamos a voz pedindo a Naturgy que esta comarca e as súas xentes ben merecen a continuidade desta Central, xa que moitos deixaron as súas terras, moitos sofren a día de hoxe a “morriña” que nunca máis vai ser satisfeita. Naturgy debe tamén ser responsable socialmente, debe acometer esta adaptación como unha “inversión socialmente responsable”, toca facer negocios baseados en principios éticos e apegados aos cidadáns.

Estas palabras veñen dadas polo Comité de Empresa da Central Térmica de Meirama, e recollen o sentir dos veciños e familiares, e tamén das xentes da comarca.

Son verbas que os concelleiros que integran a Corporación Municipal de Culleredo comparten e por iso o Concello de Culleredo:

1. Traslada á Naturgy esta declaración coa petición de que proceda a acometer a reforma necesaria para adaptar a central térmica de Meirama como esixe a normativa Europea, e así prolongar a vida útil da central ao 2045.

2. Insta tanto á Deputación da Coruña como á Xunta de Galicia a que se sume a esta declaración en favor da continuidade tanto da central térmica de Meirama como da central térmica de As Pontes, e que a declaración sexa remitida ao Goberno Central.

3. Que os posibles plans alternativos que a empresa enerxética poida estar a contemplar sexan aportados e debatidos co Comité de Empresa, traballadores e representantes institucionais dos concellos da comarca ante o posible peche da Central Térmica, garantindo os postos de traballo sen que isto supoña mobilidade ou cambio de residencia para os traballadores.

4. Trasladar esta declaración ao Goberno Central.

5. Trasladar esta declaración ao Parlamento Europeo.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que el naceu nesa mina e aínda que non sabe moito algo si que sabe e considera que á xente hai que dicirlle a verdade xa que moitas veces á xente se lle di o que quere oír, ben por acadar votos ou por hábito político ou por calquer outro motivo; que con respecto á exposición de motivos di que hai 50.000 estudos e que el estivo recadando información e pódense ver documentos que din que o carbón vai deixar de ser unha fonte de enerxía pola contaminación que produce; que no ano 1998 a Comunidade Económica Europea xa falaba da contaminación do carbón polo que non se pode considerar algo novo; que a Central de Meirama ten xa 40 anos e parece que agora hai unha competición por ver que líderes son os máis ecolóxicos, preguntando que repercusión vai ter todo isto, se serán dez anos, ou cinco, e canto investimento vai ser necesario ou cantos postos de traballo hai aí, podendo el dicir que nesa mina xubiláronse moitos traballadores aos 49 ou 50 anos; que se pode chegar a acordos sobre a dita explotación, pois sempre se di que non era rendible para chegar a acordos cos gobernos do momento e pedir subvencións; que el vai votar a favor porque hai moitas familias implicadas, pero ten que quedar claro o que se quere cando esta actividade remate porque o goberno central, neste momento o partido socialista, no mes de decembro pasado estaba comprando carbón a Marrocos, nunha central que acaba de abrir dunha forma totalmente contaminante, que non cumpre coa normativa europea, polo que habería que mirar globalmente e investir en enerxías renovables porque é o futuro, e porque se trata do futuro do planeta, da súa contaminación global, e non só en custos engadindo que a día de hoxe, a produción de electricidade en España, en fontes non renovables, como o carbón e as nucleares, é do 59,6% do total de produción de enerxía, e o 40,4% correspóndese con renovables.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que a moción presentada poderíase ter presentado como unha moción institucional se se tivera falado na Xunta de Voceiros.

Intervén o voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Taibo Monelos, e di que el fixo unha invitación de suma a todos os grupos municipais.

Continúa a súa intervención o Sr. Cañás Varela e di que sen querer decidir o futuro da estratexia enerxética porque ademais a Xunta no día de hoxe presentou un informe sobre unha estratexia enerxética 2050, hai que dar apoio aos veciños que traballan na comarca.

Intervén a continuación o Sr. alcalde-presidente e di que se pode votar e se hai acordo por unanimidade poderíase converter a moción en institucional de toda a Corporación de Culleredo.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación a moción do grupo municipal socialista, con entrada de data 21 de decembro de 2018, que resulta aprobada por unanimidade, converténdose en declaración institucional do Concello de Culleredo.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal socialista, de data 26 de decembro de 2018, relativa á política do goberno galego en relación co financiamento das entidades locais, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCIÓN SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.

O Grupo Municipal dos Socialistas de Culleredo de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DE CULLEREDO

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis preto.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15% dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados.

Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns,

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por coller os exemplos máis

14 de 66

recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician e ademais sen incluír ningunha partida orzamentaria específica. O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría existentes dificulta a posibilidade de incorporar especialistas necesarios ao sistema de saúde. Nos 9 anos de goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

No caso sinalado do Concello de Culleredo, a atención primaria realízase nos centros de saúde de Acea da Ma e de O Portádego, de titularidade da Xunta de Galicia e no Centro de Saúde de Tarrío, de titularidade municipal. Estes centros contan con 17 médicos/as e 4 pediatras a xornada completa e 1 compartido co Concello de Cerceda para atender a unha poboación de 29.982 habitantes, dos que 5.070 son menores de 15 anos. A atención sanitaria vese aminorada no caso dunha baixa ou vacacións dalgún profesional, pois se limitan en exceso as substitucións e o resto de profesionais deben asumir a carga de traballo total, acumulándose as esperas e os retrasos. Esta situación ven sendo alertada polos profesionais e usuarios, sen que dende o SERGAS se ofrezca unha solución satisfactoria.

Ademais do sinalado, o Centro de saúde de Acea da Ma mantén unhas instalacións con algúns defectos de conservación que precisarían dunha intervención integral no seu interior e exterior. De igual xeito o novo Centro de saúde de O Portádego precisa de arranxos na accesibilidade interior de vehículos sanitarios.

Proposta

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Asumir a titularidade do Centro de Saúde de Tarrío, aínda municipal, en virtude do acordo asinado coa FEGAMP, facéndose cargo do mantemento das instalacións por ser competencia autonómica.
2. Realizar un informe dos problemas estruturais do edificio do Centro de Saúde de Acea da Ma e outro de necesidades de obras de accesibilidade para o novo Centro de Saúde de O Portádego, co compromiso de realizar os arranxos necesarios para poder manter as condicións necesarias para unha correcta atención sanitaria.
3. Garantir a correcta atención primaria no Concello de Culleredo mediante a contratación necesaria de substitutos facultativos de medicina xeral e, de ser o caso, de atención pediátrica, para poder manter o número de profesionais activos no centro de saúde segundo está planificado.
4. Acordar co Goberno de España que facilite e axilice os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que apoia radicalmente o fondo da cuestión referida pero non entende a redacción tan confusa e tan

ambigua que ten, entendendo que queda incompleto e dá a impresión de que se trata dun copia e pega, solicitando que se concreten as necesidades de Culleredo para mellorar este texto, solicitando tamén que o Sr. alcalde se dirixa aos servizos sanitarios de Culleredo, dado que el como alcalde ten mellor acceso, e vexa exactamente cales son as necesidades do Concello de Culleredo para poder facer un texto eficaz que non deixe cabos soltos; que o seu voto vai ser a favor pero que lle gustaría que se cambiara a redacción do texto simplemente para que fose máis eficaz co que se pretende.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno fala na moción da asistencia primaria como forma de achegamento da sanidade ás persoas para conseguir que se estea máis preto destes servizos, así como das condicións demográficas de Galicia, condicionadas pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación, incidindo na necesidade case imperativa para achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoas; que están de acordo con estas afirmacións, como non pode ser doutra maneira, pero botan en falta a de que os concellos prestan servizos esenciais como administración mais próxima a cidadanía polo que as súas necesidades financeiras deben ser atendidas con suficiencia, incidindo, sobre isto último, na conclusión a que se fai referencia no informe de fiscalización do Consello de Contas sobre a conta xeral das Entidades Locais, no que se constata o infrafinanciamento ao que están sometidos os concellos galegos; que é certo que no sistema sanitario, e concretamente a atención primaria, non goza de moi boa saúde en Galicia, feito que se ve agravado polas ansias privatizadoras que están a demostrar as políticas implementadas polo goberno da xunta de Galicia, xa que os orzamentos da Xunta de Galicia afondan na privatización e no deterioro da atención primaria, rebaixando a calidade asistencial na xestión de proximidade, consolidando, coa modificación da lei de saúde, o devaló da atención primaria; que no momento no que o goberno de Núñez Feijoo aposta por diminuír o número de áreas sanitarias e concentrar os recursos, excusándose na falta de profesionais, e así deixar máis espazo para o crecemento da sanidade privada como prestadora de servizos sanitarios financiados con cartos públicos, o equipo de goberno propón, en relación os centros de saúde de Culleredo, nos que se presta atención primaria, Acea da ma, Portádego e Tarrío, que se realice un informe dos problemas estruturais para o de Acea da ma, e outro de necesidades de obras de accesibilidade para o do Portadego, así como o compromiso para os arranxos necesarios e a contratación do persoal necesario para a correcta prestación dun servizo sanitario de calidade, incidindo nos facultativos de medicina xeral e pediátrica, no que atinxe á Xunta de Galicia, para que se axilice o proceso de substitucións, e respecto do Goberno Central, na axilización dos procesos de acreditación das prazas de novo ingreso a formación especializada.

Continúa a súa intervención o Sr. Santos Iglesias e di que a Marea Veciñal está de acordo coa aplicación de medidas que pretenden garantir a correcta atención primaria sobre todo no referente á medicina xeral e á atención pediátrica; que entenden así mesmo que un centro como o de Acea da Ma, despois do tempo que leva en funcionamento, teña problemas estruturais que necesitan ser amañados, pero en referencia ao centro do Portádego, preguntábase como pode ser posible que un centro que se acaba de construír fai a penas dous anos teña problemas de accesibilidade, preguntándose tamén quen sería o que non fixo ben o deberes; que non esquezan falar do centro de Tarrío pero simplemente déixao para este momento, volvendo ao que dixo no inicio da súa intervención, respecto da concepción da atención primaria como forma de achegamento da sanidade ás persoas e a que os concellos son a administración mais próxima á cidadanía e que prestan servizos esenciais, dicindo isto porque esta afirmación ten que ver dalgún xeito coa petición de que a Xunta de Galicia asuma a titularidade deste centro; que cando o equipo de goberno sabe e está a denunciar que dende o goberno da Xunta estánse a dismantelar as infraestruturas de atención primaria non lles cadra moito esta petición relativa a iso de mellorar a calidade dos servizos sanitarios, máxime cando non avalan esta petición con ningún dato, simplemente o propoñen sen máis; que se ven na obriga de incidir neste momento en que o goberno municipal de Culleredo non fai moito e tiña de facha a súa boa saúde financeira co motivo de coñecer os datos da conta xeral; que, para finalizar, dende a Marea Veciñal cren que mellorar a calidade da prestación sanitaria debe ser unha prioridade na que as administracións públicas deben incidir, sobre todo para acercala á cidadanía polo que, se se ten en conta que o centro de Tarrío presta

servizo á zona rural do Concello de Culleredo, e que así mesmo, dende o goberno municipal non se deu solución ás carencias que os veciños do rural teñen en materia de mobilidade, agravándose esta pola situación de envellecemento desta poboación usuaria destes servizos, consideran que o Concello debe facer un esforzo e, máis que solicitar que a Xunta asuma a titularidade deste centro, o goberno municipal debería buscar fórmulas alternativas para o financiamento dos custos da prestación dos servizos que ofrece este centro ás persoas do rural, e non converterse en cómplice das políticas regresivas que está a aplicar o goberno da Xunta de Galicia, tentando sacarse de enriba este centro e mirando cara outro lado, pedíndolle ao equipo de goberno que teña coherencia co discurso político do seu partido no referente á sanidade pública e en concreto no relacionado coa atención primaria, e que modifiquen o punto nº 1 na liña do resto das peticións que inclúen na moción que se detabe e, antes de tomar ningunha decisión sobre o centro de Tarrío, se realice un estudo sobre a incidencia que ten na cidadanía a prestación de servizos que se levan a cabo neste centro.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que a Xunta de Galicia ten demostrado que sempre apostou pola sanidade e apostou pola sanidade en atención primaria, destinando entre o 40 e o 45% por cento do presuposto á sanidade pública, sendo no ano 2008 o 33% do presuposto da Xunta o que se adicaba á sanidade; que a pesar do inicio da recuperación económica e dos ingresos públicos, a Xunta ten un orzamento no ano 2019 inferior ao do 2008 en 1.100 millóns e, sen embargo, adica á sanidade 348 millóns máis dos que se adicaron no 2008; que estas son cifras reais, obxectivas; que no ano 2019 hai uns orzamentos de 127.000 millóns de euros, un 3,3% máis que no 2018, e no ano 2019 a Xunta adicará á Sanidade pública case 4.000 millóns de euros (3.984 millóns), a cifra máis alta da historia na Comunidade Autónoma de Galicia, datos que amosan que a Xunta de Galicia non esqueceu a Atención primaria e, centrándose en Culleredo, vese que hai un centro de saúde novo que custou máis de dous millóns e medio de euros e que era unha demanda do Concello e dos veciños; que é certo que asumir a titularidade do Centro de Saúde de Tarrío é unha competencia autonómica e así está asinado coa Fegamp e están de acordo e o van apoiar; que con respecto a que a Xunta teña que facer un informe dos problemas estruturais do centro de saúde de Acea da Ma e outro de necesidades de obras de accesibilidade para o novo centro de saúde do Portádegos di que é responsabilidade da Xunta e se hai problemas estruturais o edificio ten xa os seus anos e o seu titular ten a obriga de ter un estudo pormenorizado de cales son as necesidades para o seu mantemento, ao igual que está convencido de que o Concello ten estudos actualizados das necesidades de todos os edificios públicos que dependen ou que son propiedade do Concello; que lle parece unha moción razonable e razonada polo que se detecta que fan falta arranxos se deben solucionar o antes posible; que no punto 3 en relación con garantir a correcta atención primaria no Concello de Culleredo, iso sempre foi necesario e esixido, como non pode ser doutra forma, debéndose esixir a calquera administración autonómica ou a calquera administración local que cumpra coas súas obrigas; e en relación con que se faga a contratación necesaria de substitutos facultativos de medicina xeral e, de ser o caso de atención pediátrica, na que xa se sabe hai carencias, di que compete tamén e se ten que ter en conta á hora da aprobación dos MIR que é algo nacional; que con respecto ao punto de acordar co goberno de España que facilite e axilice os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros, están tamén de acordo e lles parece unha demanda razonable aínda que a Xunta xa está traballando niso e xa están creadas unhas comisións e unhas mesas de traballo con todos os sectores implicados para tratar de solventar este tema; que por todo isto, aínda que sobre a exposición de motivos poidan ter algunha discrepancia e aínda que o título lles despistou un pouco e consideran un erro aínda que o Sr. Taibo diga que non, á vista da moción están totalmente de acordo e van apoiar a proposta que presenta o grupo socialista de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a verdade é que esta non é unha moción que fale dunha cuestión menor, tratándose dunha moción que pretende ser realmente construtiva que pretende reforzar os servizos sanitarios de atención primaria aos veciños e veciñas; que hai unha serie de datos xa no Concello como pode ser o número de tarxetas sanitarias, 29.624 en Culleredo, e que, polo número de tarxetas que hai e polo número de médicos que hai, o que se detectou por parte dos profesionais do sector é a necesidade de máis médicos, máis enfermeiras e máis pediatras;

que se fixeron informes tamén sobre necesidades estruturais e necesidades de adecuación, eliminación de barreiras e maior accesibilidade aos centros, habendo varias reunións con Atención primaria e polo de agora non hai un compromiso real por parte da Xunta, do Sergas, para acometer estes investimentos que son da súa competencia, motivo polo que presentan a moción que se debate e solicitan o apoio de toda a Corporación para que este servizo se reforce pois concretamente urxe a dotación de recursos humanos para a unidade de saúde mental e atención de trastornos adictivos; que tamén é necesaria a dotación dunha ambulancia do 061 con base nun dos dous centros de saúde, a adecuación da recepción exterior da entrada de urxencias do PAC para as ambulancias para que teñan a operatividade necesaria, previsión temporal de mellora interior e exterior de infraestrutura do centro de saúde de Acea da Ma (eliminación de humidades, sistema de calefacción, alicatados) e ademais, en opinión dos profesionais dos centros de saúde en Culleredo, consideran que no rural necesitaríase un centro xa que cada vez que se teñen que desplazar ao rural deixan máis dunha hora as súas consultas e hai que ter en conta que no rural a poboación está bastante máis envellecida que na zona urbana e ten máis necesidades asistencial, polo que o que se suxire é ou ben ampliar o centro de Tarrío ou ben construír un novo, para o cal se poderían iniciar negociacións para que o Concello poña á disposición da Xunta o terreo necesario

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal socialista, de data 26 de decembro de 2018, que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción anteriormente transcrita.

C.I.F. P-1503100-H

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG SOBRE PROPOSTA DE RECUPERACIÓN DOS TERREOS OCUPADOS POLO ANTIGO CAMIÑO DE ORRO A LEDOÑO.

A continuación intervéñ Sr. alcalde-presidente e di que hai datos en relación coa moción presentada e que lle gustaría que o Sr. Chouciño Garrido a deixara sobre a mesa ata a próxima sesión plenaria, que probablemente haberá en dez ou quince días, para poder ter unha reunión e explicarlle todos os avances e todas as cuestións técnicas que houbo sobre o tema e así, na próxima sesión, podería tratar a moción sen problema pois, caso contrario, de atender algunha das cuestións que se piden na moción, poderíase paralizar algún procedemento que está en marcha.

A continuación intervéñ Sr. Chouciño Garrido e di que para el é unha sorpresa que vaia haber un pleno nesas datas.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que vai haber un pleno de presupostos.

Novamente intervéñ o Sr. Chouciño Garrido e di que non tiña coñecemento diso, pero que non é unha sorpresa pois vai xa un ano en que non se lles di nada e que isto podería ser unha consecuencia de que o Sr. alcalde non asiste case a ningunha sesión da Xunta de Voceiros, non preside ningunha comisión informativa e as preguntas plenarias respóndense con bastante cicatería; que o Sr. alcalde di que tratar esta moción e adoptar algún dos acordos que nela se propoñen podería paralizar algún procedemento que agora está en marcha, e pregunta se se podería explicar algo máis.

Responde o alcalde-presidente e di que a súa proposta é esa e que a moción se debate ou non; que el lle solicita ao Sr. Chouciño Garrido que a deixe ata a próxima sesión pois lle gustaría ter unha reunión con el para explicarlle certas cuestións técnicas que fan recomendable deixala ata a próxima sesión que podería ter lugar dentro de dez ou quince días.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que se podería deixar ata a próxima sesión ordinaria sen problema pero que solicita lle informe das causas polas que debería facelo pois xa parece un misterio.

Responde o Sr. Rioboo Castro e di que el lle pide que a deixe sobre a mesa pois os técnicos municipais lle indican que aprobar algún dos puntos referidos na moción suporía un paso atrás, pero que de todas formas se prefire debatila que se debate sen problema.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que prefire debatir a moción pois non lle parece unha resposta adecuada e considera que houbo tempo suficiente para aclarar esta cuestión.

A continuación a Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposición do concelleiro do BNG, de data 25 de xaneiro de 2019, relativa á recuperación dos terreos ocupados polo antigo camiño de Orro a Ledoño, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

"Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG-Asembleas Abertas, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

Proposta de recuperación dos terreos ocupados polo antigo camiño de Orro a Ledoño

En Xaneiro de 2018, houbo unha proposta de acordo do BNG que foi aprobada e que trataba sobre a recuperación do antigo camiño de Orro a Ledoño. Que foi dado de baixa do inventario de camiños para deixar os terreos que ocupaba a disposición do proxecto de estación intermodal no ámbito do proxecto do Centro Loxístico de Transportes.

Os terreos non chegaron a usarse nunca para o seu fin e daquela, o propietario ao que se lle expropiaron, o Concello de Culleredo, pode pedir a devolución tal como establece:

- artigo 54 Da Lei de expropiación forzosa de 16 de Decembro de 1954, para o caso de que tiveran sido expropiados, ou
- A lei de Ley 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio de las Administraciones Públicas, para o caso de que se trate dunha cesión:

Artículo 150. Resolución.

1. Si los bienes cedidos no fuesen destinados al fin o uso previsto dentro del plazo señalado en el acuerdo de cesión o dejaran de serlo posteriormente, se incumpieran las cargas o condiciones impuestas, o llegase el término fijado, se considerará resuelta la cesión, y revertirán los bienes a la Administración cedente. En este supuesto será de cuenta del cesionario el detrimento o deterioro sufrido por los bienes cedidos, sin que sean indemnizables los gastos en que haya incurrido para cumplir las cargas o condiciones impuestas.

- Esta última lei aclara incluso a consecuencia da reversión:

Artículo 151. Publicidad de la cesión.

La cesión y la reversión, en su caso, se harán constar en el Inventario General de Bienes y Derechos...

Por outra banda, a moción que se aprobou en Xaneiro de 2018, na súa parte propositiva incluía:

1. Que o goberno municipal inicie o expediente para a recuperación e posta en funcionamento do antigo camiño de Orro a Ledoño. Para o que establecerá todos os informes pertinentes, técnicos, xurídicos e económicos, e que se dea conta ao Pleno da evolución deste expediente no próximo trimestre.
2. Que se inclúa no orzamento de 2018, en elaboración, a partida económica para poder poñelo en marcha.

Non temos constancia de que se iniciara ningún expediente, de feito non se lle deu conta ao Pleno, tal como se acordou, nin no seguinte trimestre, nin no ano que transcorreu desde aquela.

A pesar de que desde o BNG entendemos que os acordos plenarios están para cumprirse, queremos ter esta nova iniciativa para que máis alá dun acordo político, sexa unha orde explícita dun órgano que ten competencia executiva para proceder coa recuperación ao patrimonio municipal, dos terreos que ocupaba o camiño, segundo a Lei de Bases de Réxime Local, polo que segundo o art. 22, corresponde ao Pleno:

art 22.2.I) La alteración de la calificación jurídica de los bienes de dominio público.

Art 22.2.j) El ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa de la corporación en materias de competencia plenaria.

Por todo o anterior, queremos concretar hoxe unha proposta que xa non dea lugar a interpretación de ningún tipo. Trátase dunha competencia do Pleno decidir sobre a enaxenación dun ben patrimonial, e de ser acordado terá que seguir a súa tramitación administrativa. Así pois, propoñemos ao Pleno da Corporación para a súa deliberación e se procede Acordo:

Que se inicie o expediente de tramitación para a recuperación dos terreos que ocupaba o antigo camiño de Orro a Ledoño e se incorporen ao inventario municipal. Como paso previo á reconstrución do camiño e á súa posta a disposición da veciñanza."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en xaneiro de 2018 xa houbo unha proposta de acordo do BNG que foi aprobada e que trataba sobre a recuperación do antigo camiño de Orro a Ledoño; que foi dado de baixa do inventario de camiños para deixar os terreos que ocupaba a disposición do proxecto de estación intermodal no ámbito do proxecto do Centro Loxístico de Transportes; que calquera pode ver nas imaxes de satélite en Internet como hai un descampado moi grande no Centro Loxístico, á beira da vía do tren, que hai un pequeno túnel baixo a vía do tren que é onde remata o camiño de Orro e que foi cegado cunhas pedras dun tamaño moi grande para impedir ese paso; que o camiño foi dado de baixa no inventario de camiños e que os terreos non chegaron a usarse nunca para o seu fin porque non se fixo unha estación intermodal nin parece que se vaia facer nunca polo que o propietario ao que lle expropiaron, que é o Concello de Culleredo, pode pedir a devolución, tal como establece o artigo 54 da Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954, para o caso de que tiveran sido expropiados; e no caso de que o acordo non derivara dunha expropiación, hai a lei 33/2003, de Patrimonio das administracións públicas, que di que no caso de que se tratara dunha cesión existe lexislación para pedir unha reversión; que a moción aprobada en xaneiro incluía que o goberno municipal iniciara o expediente para a recuperación e posta en funcionamento do antigo camiño de Orro a Ledoño, para o que debería establecer todos os informes pertinentes, técnicos, xurídicos e económicos, e se dera conta ao Pleno da evolución do expediente no seguinte trimestre; que nin no trimestre nin ao longo de todo o ano se deu conta de nada polo que non entende o comentario que o Sr. alcalde-presidente lle vén de facer neste punto; que o segundo punto pedía que se incluíra no orzamento do 2018, en elaboración naquel momento, a partida económica para poder poñelo en marcha, e que tampouco lles consta que se fixera; que non teñen constancia de que se iniciara ningún expediente e que de feito non se lle deu conta ao Pleno tal como se acordara, nin no primeiro trimestre nin no ano; que a pesar de que o BNG entende que os acordos plenarios están para cumprirse e que o acordo de xaneiro aprobouse e se lle debería ter dado cumprimento, agora teñen unha nova iniciativa para que, máis alá dun acordo político como se puido considerar naquel momento a pesar de que se falou

20 de 66

de iniciar o expediente, sexa unha orde explícita dun órgano que ten competencia executiva para proceder coa recuperación ao patrimonio municipal, dos terreos que ocupaba o camiño, segundo a Lei de Bases de Réxime Local, que establece no seu artigo 22 que corresponde ao Pleno a alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público e o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria; que no seu momento o acordo de alteración de calificación xurídica foi o alleamento desa propiedade polo que agora é tamén competente o Pleno para pedir esa reversión e, quedando aclarado que é competencia plenaria, o que propón é concretar unha proposta que non dea lugar a interpretacións de ningún tipo e a deliberación e se procede acordo de que se inicie o expediente de tramitación para a recuperación dos terreos que ocupaba o antigo camiño de Orro a Ledoño e se incorporen ao inventario municipal como paso previo á reconstrución do camiño e a súa posta a disposición da veciñanza.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que como xa dixo na Xunta de Voceiros, hai algunhas mocións dos distintos grupos que se repiten, se reiteran, e se traen ao Pleno mocións que xa se trouxeran con anterioridade, preguntando se as mocións que se aproban no Pleno non serven para nada; que se acordou que se ía dar conta da tramitación desas mocións e que Ciudadanos xa propuxo ao comezo da lexislatura, a través dunha moción que trouxo ao Pleno, que se dera conta cunha periodicidade máxima de tres meses; que máis adiante houbo outra proposta do BNG no que se pedía que esa dación de conta fora en cada Pleno e co que se atopan é con que nin cada Pleno, nin cada trimestre, nin cada cuatrimestre, motivo polo que volve reincidir, para que non pase o que está ocorrendo con esta moción, na que o Sr. alcalde lle pide ao concelleiro propoñente que se espere que xa está o equipo de goberno actuando.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que esta é unha moción se non idéntica si practicamente idéntica á que se aprobou o día 25 de xaneiro de 2018 por unanimidade entendendo que era unha boa aportación e que recuperar ese roteiro supoñía recuperar parte da cultura e parte do patrimonio rural de Culleredo; que el coñeceu ese camiño cando estaba en funcionamento e viu como comunicaba os núcleos de Orro e Ledoño pero que a moción aprobada en xaneiro establecía “É de supoñer que agora que se rescatou a concesión, eses terreos xa serán parte do patrimonio municipal aínda que non foran polo de agora incluídos no inventario”, sendo o problema que á data de hoxe, os terreos obxecto de reversión non inclúen aqueles polos que discorria o camiño; que ADIF ten no seu inventario os terreos correspondentes á infraestrutura da zona de explanación do ferrocarril fora de servizo do tramo da liña Zamora-Coruña que discorre polo termo municipal de Culleredo; que entrou en funcionamento no ano 2009 o novo trazado do eixo Atlántico, o tramo que vén desde Meirama; que parecía que o camiño era de Culleredo porque se rescataba esa concesión, pero agora mesmo os terreos son de ADIF e o equipo de goberno está con conversas con este organismo tentando recuperar eses terrenos e que os cedan; que entendendo que se trata da mesma moción aprobada o 25 de xaneiro de 2018 e coa explicación dada referida a que os terreos non son de Culleredo senón de ADIF e que se vai solicitar a cesión conveniada, piden que esta moción se deixe sobre a mesa dado que é a mesma aprobada o 25 de xaneiro e o equipo de goberno está dando unha explicación de como se atopa a súa tramitación.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere aclararlle tanto ao concelleiro de Ciudadanos como ao voceiro do equipo de goberno que non se trata da mesma proposta senón que naquel momento tratábase dunha proposta xenérica que solicitaba se emprenderan as accións necesarias para recuperar dito camiño e agora, ante a evidencia de que o solicitado non se facía, e analizados os pasos que había que dar, solicítase empezar polo primeiro paso que é recuperar os terreos dese camiño, facultade que ten o expropiado e no caso dos terreos que ocupaba o camiño é o propio Concello de Culleredo, que a efectos dunha expropiación é como un particular; que esta proposta é como unha orde plenaria para que se poñan en marcha os servizos da Administración que son os que teñen competencia para facelo; que a Corporación non é só o alcalde e o seu equipo de goberno e que cada órgano ten as súas competencias pero o Pleno municipal ten esta competencia e como órgano colexiado pode decidir que se inicie o que se solicita, non sendo incompatible co que dixeran o Sr. Alcalde e o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE e podería ser unha

tramitación simultánea, non vendo ningún problema para que se poida dar o primeiro paso que é a recuperación dos terreos para poder despois continuar co segundo paso e que pide o apoio porque cre que a veciñanza de Orro e Ledoño merece ter un acceso xa que para comunicarse as dúas parroquias teñen que dar a volta pola estrada da Deputación, ir pola rotonda que hai na autovía e baixar pola estrada que vai a Cerceda, cando o Concello se debería preocupar de dar outro servizo e que se o equipo de goberno non impulsa esta petición, o BNG buscará a maneira de impulsalo por outros medios.

Intervén a continuación o alcalde-presidente e di que pensa que as palabras do voceiro do grupo socialista quedaron moi claras e deixan ver a postura do goberno municipal que quere cumprir co solicitado na dita moción, comunicando que se van abster na votación.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, pregunta se o que explicou o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos, era o que o Sr. alcalde non podía dicir e para o que pediu esperar dez días.

Responde o alcalde-presidente e di que está moi claro o que dixo o Sr. Taibo Monelos e que se remite ao que dixo el.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do concelleiro do BNG, de data 25 de xaneiro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (dez) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballada Feijoo, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 11 (once) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias e Taibo Gago.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, de data 25 de xaneiro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

8.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO. EXERCICIO 2018.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo. Exercicio 2018, elaborado pola Intervención municipal en data 19 de xuño de 2018 (código de documento UIT12I00CW).

9.- DACIÓN DE CONTA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL DA VIVENDA TUTELADA, DE ACORDO AO PROTOCOLO DE ACCESO Á REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO DA XUNTA DE GALICIA 2017-2018.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento do mantemento xeral da vivenda tutelada, de acordo ao protocolo de acceso á rede galega de acollemento para mulleres que sobren violencia de xénero da Xunta

de Galicia 2017-2018, aprobado por resolución da Alcaldía de data 20 de decembro de 2018 (código de documento USG12I0184)

10.- DACIÓN DE CONTA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O PROGRAMA DO CENTRO DE DÍA Á INFANCIA NO “FOGAR EMILIO ROMAY”.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para o programa do centro de día á infancia no “Fogar Emilio Romay”, aprobado por resolución da Alcaldía de data 20 de decembro de 2018 (código de documento USG12I0184).

11.- DACIÓN DE CONTA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIÓN DEPORTIVA JUVENIL DE ALMEIRAS E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O FINANCIAMENTO DA PROMOCIÓN DO FÚTBOL.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da sinatura en data 27 de decembro de 2018 do convenio de colaboración entre a Unión Deportiva Juvenil de Almeiras e o Concello de Culleredo (código UEH12I00DK)

12.- DACIÓN DE CONTA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PORTAZO SOCIEDAD DEPORTIVA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O FINANCIAMENTO DA PROMOCIÓN DO FÚTBOL.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da sinatura en data 27 de decembro de 2018 do convenio de colaboración entre o Portazgo Sociedad Deportiva e o Concello de Culleredo (código UEH12I00DI).

13.- DACIÓN DE CONTA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTE EN MAN COMÚN XALO E O CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación da sinatura en data 27 de decembro de 2018 do convenio de colaboración entre a Comunidade Veciñal de Monte en Man Común Xalo e o Concello de Culleredo (código UEH12I00DN).

14.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 20/11/2018 (código de documento UIT12I00WL)
- Informe de data 21/11/2018 (código de documento UIT12I00NK)
- Informe de data 28/11/2018 (código de documento UIT12I00YE)
- Informe de data 12/12/2018 (código de documento UIT12I00ZK)

- Informe de data 17/12/2018 (código de documento UIT12I0107)
- Informe de data 20/12/2018 (código de documento UIT12I010V)
- Informe de data 26/12/2018 (código de documento UIT12I010W)

15.- DACIÓN DE CONTA DE INCORPORACIÓNS AO REXISTRO MUNICIPAL DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2018.

Por resolución da alcaldía de data 18 de xaneiro de 2018 ordenouse a incorporación ao Rexistro Municipal de Subvencións das concedidas no período comprendido entre o 01/10/2018 e o 27/12/2018 e que son as seguintes:

C.I.F. P-1503100-H

PARTIDA ORZAMENTARIA	ÓRGANO QUE A DITA	ACORDO DE CONCESIÓN	BENEFICIARIOS	IMPORTE SUBVENCIÓN	FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1519 DE 01/10/2018	L.F.M.M.	1.075,00 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER 6 MESES E PAGO RECIBO AUGA 4º TRIMESTRE 2017 E 1º TRIMESTRE 2018
RC220180007142	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1521 DE 02/10/2018	V.M.A.	53,32 €	PAGO RECIBO ELECTRICIDADE MES DE XULLO 2018
RC220180003984	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1522 DE 02/10/2018	A.M.M.	14,05 €	PAGO RECIBO GAS DO 13.06.2018 AO 10.08.2018
RC220180007141	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1523 DE 02/10/2018	D.C.Y.	61,17 €	PAGO RECIBO GAS ENTRE 13.06.2018 AO 08.08.2018 E PAGO RECIBOS ELECTRICIDADE MES DE XULLO E MES DE AGOSTO
RC220180005263	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1537 DE 04/10/2018	R.M.M.A.	110,17 €	PAGO RECIBO ELECTRICIDADE DO 27/06/2018 AO 29/08/2018

C.I.F. P-1503100-H

23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1519 DE 01/10/2018	L.F.M.M.	1.075,00 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER 6 MESES E PAGO RECIBO AUGA 4º TRIMESTRE 2017 E 1º TRIMESTRE 2018
RC220180007948	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1538 DE 04/10/2018	S.T.M.J.	41,27 €	PAGO RECIBO ELECTRICIDADE DO 11 DE XULLO AO 12 DE AGOSTO E DO 12 DE AGOSTO AO 11 DE SETEMBRO DE 2018
RC220180000455	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1548 DE 09/10/2018	F.T.D.D.	27,54 €	PAGO RECIBO TRANSPORTE MES DE AGOSTO
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1549 DE 09/10/2018	A.B.A.M.	1.075,00 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO A MAIO DE 2018
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1552 DE 09/10/2018	G.F.S.	1.075,68 €	AXUDA ECONOMICA PAGO RECIBOS AUGA 4º TRIM 2017 E 1º, 2º E 3º TRIM 2018. PAGO RECIBOS LUZ E GAS DO 1 DE NOVIEMBRE 2017 AO 31 OUTUBRO 2018.
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1565 DE 10/10/2018	E.A.J.	1.075,68 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE DE 2018.
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1566 DE 10/10/2018	A.D.A.	1.075,68 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XUÑO, XULLO, AGOSTO, SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE

C.I.F. P-1503100-H

23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1519 DE 01/10/2018	L.F.M.M.	1.075,00 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER 6 MESES E PAGO RECIBO AUGA 4º TRIMESTRE 2017 E 1º TRIMESTRE 2018
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1567 DE 10/10/2018	I.S.J.L.	1.075,68 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES AGOSTO, SETEMBRO, E OUTUBRO E NOVEMBRO 2018.
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1568 DE 10/10/2018	S.M.O.	1.075,68 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES AGOSTO , SETEMBRO E OUTUBRO 2018
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1569 DE 10/10/2018	G.C.C.	1.075,68 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES AGOSTO, SETEMBRO, E OUTUBRO E NOVEMBRO 2018
23182.480	BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	RESOLUCION NUM. 1570 DE 10/10/2018	D.D.A.M.	1.075,00 €	AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DE MARZO, ABRIL, MAIO, XUÑO, XULLO, AGOSTO, SETEMBRO E PARTE OUTUBRO 2018
1946	17/12/2018	Aprobación da cancelación e devolución da garantía definitiva constituída por EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL, por importe de 969,81€, polo concepto de "Aval para garantir o contrato: Renovación parque infantil rúa Condes de Andrade".	
1947	17/12/2018	Concesión a J.P.M.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	
1948	17/12/2018	Concesión a C.A.H. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1000€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
1949	17/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago dos recibos de auga por importe de 172,80€ correspondente ao 1º trimestre (57,36€), 2º trimestre (57,36€) e 3º trimestre (58,08€) de 2018 e recibos de electricidade por importe 215,89€.	
1950	17/12/2018	Concesión a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA da licenza municipal de obras para "LMTS, CT, RBT, Toroño - Picoto", parroquia de Culleredo.	
1951	18/12/2018	Convocatoria á sesión extraordinaria urxente do Pleno Municipal do día 19-12-2018.	
1952	18/12/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/72. (TERCEIRO: CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR-IMPORTE TOTAL: 22.050,00€ e máis).	
1953	18/12/2018	Concesión a A.I.C.I., empregada municipal, dunha gratificación por servizos extraordinarios.	
1954	18/12/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 9671/2018.	
1955	18/12/2018	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura NT00180258. (TERCEIRO: NARONTEC GESTIÓN, SL-IMPORTE TOTAL: 2.200,00€).	
1956	18/12/2018	Concesión a I.L.P.F. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 900€ e recibo de auga por importe de 135,34€ correspondente ao 3º trimestre de 2018.	
1957	18/12/2018	Concesión a M.A.A.A. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe 1050€.	
1958	18/12/2018	Concesión a A.C.P.S. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1959	18/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a P.V.D. do recibo de auga correspondente ao 3º trimestre de 2018 (60,22€) e dos recibos de luz do 12-08-2018 ao 11-09-2018 (40,26€) e do 11-09-2018 ao 07-10-2018 (35,30€).	
1960	18/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.S.T. dos recibos de electricidade correspondentes ao período do 11-09-2018 ao 07-10-2018 (17,82€) e parte do recibo correspondente ao período do 07-10-2018 ao 11-11-2018 (5,60€).	
1961	18/12/2018	Denegación a L.F.C. das axudas para bono de aluguer.	
1962	18/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.G.R. do recibo de electricidade do período que vai do 03-12-2017 ao 04-01-2018 (103,20€) do 04-01-2018 ao 04-02-2018 (159,51€), e máis.	
1963	18/12/2018	Concesión a A.M.S.R. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1040€.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
1964	18/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.E.B.R. do recibo de luz por importe de 91,34€ correspondente ao período do 05-09-2018 al 31-10-2018.	
1965	18/12/2018	Concesión a S.G.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1966	18/12/2018	Concesión a M.I.M.L. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 79€.	
1967	19/12/2002	Adjudicación da execución da obra "Renovación parque as Lagoas-Paseo Marítimo de O Burgo y skate parque .Concello de Culleredo" á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, fixando o prezo en 97.890,33€.	
1968	19/12/2018	Aprobación dun expediente de transferencia de crédito polos seguintes importes: Subtotal 1:19.000€, Subtotal 2: 20.100,00€, Subtotal 3: 189.608,05€.	
1969	19/12/2018	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (NOVEMBRO 2018).	
1970	19/12/2018	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (NOVEMBRO 2018).	
1971	19/12/2018	Non división en lotes dos investimentos obxecto dos proxectos e pregos que se solicitan incluír no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2019.	
1972	19/12/2018	Aprobación da anulación do recibo co núm. Fixo 503000766847 do padrón da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública correspondentes ao ano 2018. (Contribuínte: MOVILCARAUDIO SL, Lugar localización: Av. Galicia, s/n).	
1973	19/12/2018	Aprobación liquidacións contidas padróns presentados Gestagua, SA relativos taxa distribución auga, IVE taxa distribución auga, taxa depuración augas residuais (IVE engadido) e canón auga 4º trimestre 2018 e autorización cobro correspondentes recibos.	
1974	19/12/2018	Concesión a J.D.O.C. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 992€.	
1975	19/12/2018	Concesión a A.A.L. e M.J.V.S. da licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Río Eume núm. 7, parroquia de Rutis.	
1976	19/12/2018	Concesión a V.M.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1977	20/12/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/78. (TERCEIRO: C.M.O.-IMPORTE TOTAL: 360,00€ e máis).	
1978	20/12/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 10898/2018.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
1979	20/12/2018	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 15556/2018 e máis.	
1980	20/12/2018	Recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas que se especifican na relación O/2018/76. (TERCEIRO: AMBULANCIAS APOSTOL CORUÑA, SL-IMPORTE TOTAL: 280,00€).	
1981	20/12/2018	Denegación solicitude presentada J.A.R.R. para vivenda Lugar Peiro de Abaixo núm. 48, de modificación tipo gravame regulado ordenanza fiscal núm. 14 reguladora taxa distribución auga, xa que o volume facturado non ten consideración de desproporcionado.	
1982	20/12/2018	Levantamento reparo formulado Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas que se especifican na relación O/2018/74. (TERCEIRO: GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, SA - IMPORTE TOTAL: 220,80€ e máis).	
1983	20/12/2018	Aprobación do convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Culleredo e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do programa do Centro de día á infancia no "Fogar infantil Emilio Romay" para o ano 2018.	
1984	20/12/2018	Aprobación do convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Culleredo e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do mantemento xeral da vivenda tutelada de Culleredo 2017-2018.	
1985	20/12/2018	Recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas que se especifican na relación O/2018/75. (TERCEIRO: GAL BUS, SL-IMPORTE TOTAL: 967,12€).	
1986	20/12/2018	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por P.V.L. contra o Concello de Culleredo	
1987	20/12/2018	Aprobación dos xustificantes incluídos na relación J/2018/4 e reposición das cantidades anticipadas (TERCEIRO: B15599368 - IMPORTE TOTAL: 0,65 e máis).	
1988	20/12/2018	Levantamento reparo formulado Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas que se especifican na relación O/2018/74. (TERCEIRO: CORUÑESA DE RESIDUOS, SL - IMPORTE TOTAL: 12.497,70€).	
1989	20/12/2018	Concesión a E.L.B. dunha axuda económica para o pago do recibo de electricidade por importe de 46,85€ correspondente aos meses de xaneiro (16,21€), febreiro (14,90€) e marzo (15,74€) de 2018.	
1990	20/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a P.V.D.20/12/2018 do recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2018 (58,79€) e do recibo de electricidade do período que vai do 08-03-2018 ao 10-04-2018 (49,85€) e máis.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
1991	20/12/2018	Levantamento reparo formulado Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas que se especifican na relación O/2018/73. (TERCEIRO: PANTÍN DO MEIRAL, SL - IMPORTE TOTAL: 309,95€ e máis).	
1992	21/12/2018	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26-12-2018.	
1993	21/12/2018	Aprobación da sinatura dun convenio de colaboración, aprobación e disposición do correspondente gasto e orde pagamento anticipado do 75% da achega establecida no convenio. (Beneficiario: COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTE EN MAN COMÚN XALO-Importe: 3.500,00€).	
1994	21/12/2018	Aprobación da sinatura dun convenio de colaboración, aprobación e disposición do correspondente gasto e orde pagamento anticipado do 100% da achega establecida no convenio. (Beneficiario: UNIÓN DEPORTIVA JUVENIL DE ALMEIRAS - Importe: 14.775,66€).	
1995	21/12/2018	Aprobación da sinatura dun convenio de colaboración, aprobación e disposición do correspondente gasto e orde pagamento anticipado do 75% da achega establecida no convenio. (Beneficiario: PORTAZGO SOCIEDAD DEPORTIVA-Importe: 8.000,€).	
1996	21/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G.- 540,02 € e máis).	
1997	21/12/2018	Concesión a J.J.V.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.	
1998	21/12/2018	Concesión S.O.V. axuda económica pago de recibos de electricidade dos meses de outubro, novembro e decembro de 2018 e de xaneiro a outubro de 2019, axuda para pago de recibos de auga do 3º e 4º trimestre de 2018 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2019 e máis.	
1999	21/12/2018	Concesión a O.V.R.G. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1050€.	
2000	21/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.P. recibo de luz por importe de 521,20€ correspondente ao período de xaneiro de 2018 ao 12 de setembro de 2018 e pago do recibo de gas por importe de 149€ do período do 01-01-2018 ao 11-10-2018.	
2001	21/12/2018	Concesión a L.M.L.S. dunha axuda económica para o apgo de aluguer por importe de 1075€.	
2002	20/12/2018	Imposición sanción tráfico, expediente 16750/2018.	
2003	26/12/2018	Recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas que se especifican na relación O/2018/79. (TERCEIRO: RUEIRO SA - 2.810,54€ e máis.).	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
2004	26/12/2018	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.R.M. do recibo de electricidade correspondente ao período que vai do 29-08-2018 ao 26-09-2018 e parte do recibo correspondente ao período que vai do 21-10-2018 ao 27-11-2018 (35.42€).	
2005	26/12/2018	Concesión a M.M.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 999,99€ e recibo de auga por importe de 71,62€ correspondente ao 3º trimestre de 2018.	
2006	27/12/2018	Levantamento reparo Intervención Xeral, avocación competencia e aprobación, disposición, recoñecemento obrigas O/2018/33. (TERCEIRO: GRABADOS FG 3 0 SL.-IMPORTE TOTAL: 54,45€ e máis).	
2007	27/12/2018	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2018/80. (TERCEIRO: AUGAS DE GALICIA - IMPORTE TOTAL: 1.000,00€ e máis).	
2008	27/12/2018	Levantamento reparo Intervención Xeral, avocación competencia aprobación, disposición, recoñecemento gasto e ordenación pago e aprobación, disposición, recoñecemento obrigas O/2018/81. (TERCEIRO: GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA SA.-IMPORTE TOTAL: 110,40€ e máis).	
2009	27/12/2018	Levantamento reparo Intervención Xeral, avocación competencia e aprobación, disposición, recoñecemento obrigas O/2018/82. (TERCEIRO: DINAMO XESTIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS-IMPORTE:1.742,40€ e máis	
2010	27/12/2018	Levantamento reparo Intervención Xeral, avocación competencia aprobación, disposición, recoñecemento gasto e ordenación pago e aprobación, disposición, recoñecemento obrigas O/2018/84. (TERCEIRO: MERCANTABRIA SL.-IMPORTE TOTAL: 136,31€ e máis).	
2011	27/12/2018	Levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral, continuación tramitación expediente e avocación competencia para a concesión dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada de traballo a A.I.C.I. e máis.	
2012	27/12/2018	Concesión a L.M.R. dunha axuda económica para o pago de aluguer e fianza por importe de 1075€.	
2013	27/12/2018	Concesión a C.P.D. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075€,	
2014	28/12/2018	Aprobación do expediente para a contratación da obra "Renovación de pavimentos nas rúas As Brañas, Jorge Guillén e Avda. de Fonteculler".	
2015	28/12/2018	Levantamento reparo Intervención Xeral e avocación competencia aprobación, disposición e recoñecemento gastos e ordenación pagos e aprobación certificación 3 e última obra "Separata del proyecto de red ciclista del área metropolitana de A Coruña...	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
2016	28/12/2018	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 02-01-2019.	
2017	21/12/2018	Denegación a V.R.M. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
2018	14/12/2018	Declaración da prescrición de cantidades pendentes de pago. (TERCEIRO: 47369660X-IMPORTE: 2,50 e máis).	
1	02/01/2019	Apertura do prazo para a presentación de solicitudes para os interesados en participar na campaña de inverno 2019 organizada pola Deputación da Coruña, sendo este do 3 ao 10 de xaneiro de 2019, ambos inclusive.	
2	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.M.A., no domicilio situado na rúa Alcalde Electo Carballo, con efectos de 01-01-2019.	
3	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a R.M.S., no domicilio situado no Lugar de Peiro de Arriba, con efectos de 01-01-2019.	
4	03/01/2019	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2019 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a I.L.P.F., no domicilio situado na rúa Salvador Allende.	
5	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.C.A.V., no domicilio situado na rúa Andrés Pan Vieiro, con efectos de 01-01-2019.	
6	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a C.P.D., no domicilio situado no lugar de Ledoño, con efectos de 01-01-2019.	
7	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.D.A.S., no domicilio situado na rúa Gloria Fuertes, con efectos de 01-01-2019.	
8	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a R.I.B., no domicilio situado na rúa Liñares, con efectos de 01-01-2019.	
9	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m3 a E.M.M., no domicilio situado na rúa Wenceslao Leopoldo Blanco, con efectos de 01-01-2019.	
10	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.P.A., no domicilio situado na Avda. Fonteculler, con efectos de 01-01-2019.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
11	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.G.D., no domicilio situado na rúa Alcalde Domingo Sierra, con efectos de 01-01-2019.	
12	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.M.V.P., no domicilio situado na rúa Andrés Pan Vieiro, con efectos de 01-01-2019.	
13	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a D.P.A., no domicilio situado en Outeiro de Arriba, con efectos de 01-01-2019.	
14	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a P.M.V.B., no domicilio situado na rúa Amparo López Jean, con efectos de 01-01-2019.	
15	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a E.M.F.B., no domicilio situado na Urbanización Os Álamos, con efectos de 01-01-2019.	
16	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a F.J.M.G., no domicilio situado na rúa Escultor José Ferreiro, con efectos de 01-01-2019.	
17	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.H.B., no domicilio situado na rúa Sanjurjo de Carricarte, con efectos de 01-01-2019.	
18	03/01/2019	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2019 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a J.A.P.C., no domicilio situado na rúa Andrés Pan Vieiro.	
19	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.R.M., no domicilio situado na rúa Irmáns Suárez Ferrín, con efectos de 01-01-2019.	
20	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a L.A.G.V., no domicilio situado na rúa Andrés Pan Vieiro, con efectos de 01-01-2019.	
21	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.G.P., no domicilio situado na rúa Escultor José Ferreiro, con efectos de 01-01-2019.	
22	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a V.R.S., no domicilio situado na Avda. Vilaboa, con efectos de 01-01-2019.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
23	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.O.B., no domicilio situado na Avda. Xoa Carlos I, con efectos de 01-01-2019.	
24	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.A.C.P., no domicilio situado na rúa Ferrocarril, con efectos de 01-01-2019.	
25	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.M.G.R., no domicilio situado na rúa Dereitos Humanos, con efectos de 01-01-2019.	
26	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a F.B.I.S.M., no domicilio situado no lugar de Fornos, con efectos de 01-01-2019.	
27	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a A.M.L.C., no domicilio situado na rúa Irmáns Suárez Ferrín, con efectos de 01-01-2019.	
28	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.B.F.D., no domicilio situado na Avda. Fonteculler, con efectos de 01-01-2019.	
29	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.L.C.V., no domicilio situado na rúa Fernando Pérez de Traba, con efectos de 01-01-2019.	
30	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a E.M.P.R., no domicilio situado na rúa Fernando Pérez de Traba, con efectos de 01-01-2019.	
31	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.M.P.C., no domicilio situado no lugar Ermida de Ternande, con efectos de 01-01-2019.	
32	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.J.S.P., no domicilio situado na rúa Juana Capdevielle, con efectos de 01-01-2019.	
33	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a D.M.C., no domicilio situado na rúa María Román, con efectos de 01-01-2019.	
34	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.M.A.P., no domicilio situado na rúa Manuel Azaña, con efectos de 01-01-2019.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
35	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m ³ a J.C.A.V., no domicilio situado na Avda. Miguel González Garcés, con efectos de 01-01-2019.	
36	03/01/2019	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2019 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a O.F.A. no domicilio situado na Avda. Vilaboa.	
37	03/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m ³ a V.M.G., no domicilio situado na rúa Tierno Galván, con efectos de 01-01-2019.	
38	04/01/2019	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Rehabilitación do pavimento na R/. Penaloureira e no cruce de San Cosme", redactado por CANARGA, SL.	
39	04/01/2019	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Rehabilitación e pavimentación da estrada da Ermida de Ternande a Ledoño", redactado por EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL.	
40	04/01/2019	Concesión da licenza municipal núm. 424 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente 24 horas) para a propiedade situada na R/ San Xiao, parroquia de Almeiras, a S.R.F.L.	
41	04/01/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 07-01-2019.	
42	07/01/2019	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 07-01-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas.	
43	08/01/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por A.T.V. en nome L.G.P.C., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.	
44	08/01/2019	Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 da Coruña no PROCEDEMENTO ORDINARIO 266/2018 (interposto por DOCELAR, SL).	
45	10/01/2019	Concesión a K.P.D.A. da modificación do seu horario fixo de presenza desde o 10-01-2019.	
46	10/01/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14-01-2019.	
47	15/01/2019	Exclusión do procedemento de adxudicación das ofertas non admitidas e adxudicación da execución da obra "Cubrición del Parque de Tierno Galván" á empresa JARDINERÍA ARCE, SL, fixando o prezo en 132.867,85€ IVE engadido.	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
48	15/01/2019	Adjudicación "Instalación de red de saneamiento en diversas rúas do Concello: R/ Peiro de Abaixo, Centro Social de Ledoño, Avda. San Miguel, Peiro de Arriba, Orro e Conduzo" incluída POS+ADICIONAL 1/2017 2ª FASE a NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU prezo 44.581,66€.	
49	16/01/2019	Baixa no Padrón Municipal de Habitantes, con efectos desde o 19-12-2018, de P.Z.F. e máis.	
50	16/01/2019	Concesión a C.M.G.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
51	16/01/2019	Concesión a E.I.P. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
52	16/01/2019	Aprobación da lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para cubrir polo sistema de concurso-oposición dez prazas de "Auxiliar administrativo/a (promoción interna)".	
53	16/01/2019	Aprobación da lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para cubrir polo sistema de concurso-oposición dezanove prazas de administrativos (promoción interna).	
54	16/01/2019	Aprobación da lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para cubrir polo sistema de concurso-oposición catro prazas de "Técnico/a de xestión (promoción interna)".	
55	16/01/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 15442/2018 e dous máis.	
56	16/01/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 16927/2018 e máis.	
57	16/01/2019	Concesión permiso de vertedura ao sistema público de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente, a SIEM CONSULT SL. para actividade "outras actividades de construción especializada n.c.o.p.", nunha nave na R/ G nave G-3 P.I. Alvedro.	
58	16/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente, a R.C.P. para actividade de café-bar, na R/ Roi Xordo (Rutis).	
59	16/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente, a O.R.A. en nome e representación de JARDINERÍA ARCE, SL para actividade "depósito e almacenamento", na R/ H, nave H-38 P.I. Alvedro.	
60	16/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente a M.P.C.C., en nome e representación de ANHIDACORUÑA para actividade oficina de información situada R/ Alcalde Electo Carballo (Rutis).	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
61	17/01/2019	Concesión a Fergo Galicia Renta SL da licenza de primeira ocupación para unha nave situada no quintero 7, rúas H e F do Parque Empresarial de Alvedro da parroquia de Almeiras.	
62	17/01/2019	Concesión á Comunidade de Propietarios da Av. Vilaboa núm. 31 da licenza municipal de obras para a instalación dun ascensor no edificio situado na Av. Vilaboa núm. 31 da parroquia de Rutis.	
63	17/01/2019	Concesión a J.F.M.L. e M.T.C.D. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela situada na R/ Anllóns, parroquia de Rutis.	
64	17/01/2019	Convocatoria á Xunta de Goberno Local do día 21-01-2019.	
65	18/01/2019	Aprobación cancelación e devolución garantía definitiva CELSO NÚÉZ SL, importe 935,83€, concepto "Aval para garantir o contrato: Renovación red de agua potable en R/ O Bosque, instalación de saneamento en Vinseira Grande y Polideportivo de Castelo".	
66	18/01/2019	Persoamento en nome Concello de Culleredo, como codemandado ante Xulgado Contencioso-Admvo. 2 da Coruña, PROCEDEMENTO ORDINARIO 299/2018. (Recurso contencioso-admvo. interposto A.M.G.G. e A.G.I. contra resolución Axencia Protección Legalidade Urbanística).	
67	18/01/2019	Orde de anotación no Rexistro municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 01/10/2018 e o 27/12/2018, ambos os dous incluídos.	
68	18/01/2019	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por V.M.G. e M.G.A.	
69	18/01/2019	Concesión M.C.S.L. e M.B.M. do Xantar na Casa para os sete días da semana.	
70	18/01/2019	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por M.M.C. contra o Concello de Culleredo.	
71	18/01/2019	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por A.B.A.S. contra o Concello de Culleredo.	
72	18/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente, a S.M.B.B. para actividade de "comercio polo miúdo de produtos de pastelería, bolería e confitaría", na R/ Amparo López Jean (Rutis).	
73	18/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente, a M.Y.L.T. para actividade de "establecemento de bebidas", na Av. da Coruña (O Burgo).	
74	18/01/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento sen contemplar ningunha medida de control do efluente, a M.S.I. para actividade de "establecemento de bebidas", na R/ Tierno Galván (O Burgo).	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 31-01-2019
75	18/01/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 133 a D.S.G.	
76	18/01/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 134 a J.S.G.	
77	18/01/2019	Procedencia devolución J.C.G.P., en nome e representación HERMANOS PECHE, SL) parte proporcional garantía depositada responder posibles deterioros que se poidan causar dominio público local por importe 140€.(Modificación licenza terraza "Cousa Nosa").	
78	21/01/2019	Asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, os días 23, 24 e 25 de xaneiro de 2019.	
79	21/01/2019	Concesión a M.T.C.F., empregada municipal, dunha gratificación por servizos extraordinarios.	
80	21/01/2019	Atribución, mediante comisión de servizos, a F.P.O, funcionario da escala de administración xeral subescala administrativa por un prazo máximo dun ano, prorrogable por outro máis, o posto de traballo MS.1.3.01 (Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras).	
81	21/01/2019	Requirimento J.J.F.G., E.A. e J.J.F.B. retirada vehículo 0456BXP coa advertencia que de non cumprir indicado dítase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
82	21/01/2019	Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Renovación de camiños e viais municipais" co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 344.973,15€, IVE engadido.	
83	22/01/2019	Declaración da baixa por inscrición indebida no Padrón Municipal de Habitantes, de R.H.H. e máis, estas baixas terán efecto desde o 19-12-2018, data do informe favorable do Consello de Empadroadamento Sección Provincial da Coruña.	
84	22/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a B.A.F., no domicilio situado na rúa Tierno Galván, con efectos de 01-01-2019.	
85	22/01/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a L.A.S., no domicilio situado na rúa San Roque, con efectos de 01-01-2019.	

17.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución de data 18 de setembro de 2018, de aceptación da cesión dunha superficie de 74 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Vinxeira Grande,

parroquia de Celas (parcela 03 resultante da segregación concedida en data 10/02/2012), formalizada en escritura pública outorgada o 14 de marzo de 2018 ante a Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 429 do seu protocolo.

18.- MOCIÓN URXENTES.

Non se presenta moción ningunha.

19.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a primeira cuestión é que hai uns días contestóuselle sobre unhas inundacións que houbera no mes de xuño á altura do colexio novo da Avenida de Rutis e, aínda que se lle contestou moi escuetamente e non a todo o que preguntou, si se lle contesta e se lle di que houbo un estudo técnico sobre esas inundacións e unha das cuestións solicitadas era que se fixera ese estudo técnico e se puxera a disposición dos veciños afectados para que eles o poidan utilizar nos seus litixios coas súas aseguradoras como unha acreditación do que pasou alí pois a el lle consta que houbo veciños aos que lles chegou a auga á altura do brazo do coche e que tiveron perdas, atopándose en litixio coas aseguradoras que os remiten ao Consorcio de Seguros e aos que lles viría moi ben un informe municipal que relate o que pasou alí; que supón que se tratou dun despiste o motivo polo que non se puxo a disposición da veciñanza unha vez feito, solicita se poña agora.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a segunda cuestión sobre a que quere falar é sobre que se publicou hai un tempo o novo proxecto do vial 18 e se leu na prensa que o alcalde tiña intención de reunirse cos veciños solicitando se lle diga cando ten pensado reunirse cos veciños para falar sobre o vial 18 porque os prazos apremian e hai que preparar alegacións se se consideran oportunas, tanto veciñais como municipais, aparecendo cuestións novas que considera se deberían debatir, polo que solicita a dita reunión.

Segue cunha terceira cuestión referida a que teñen constancia a través dunha acta da Xunta de Goberno de que hai unha sanción de Augas de Galicia pola obra do Río Trabe pola que ten preguntado tantas veces; que el xa avisou en reiteradas ocasións que esa obra non se axustaba ao proxecto, en moitas ocasións e que, sanción aparte, o que manifesta é que a obra non se axusta á autorización que tiña de Augas de Galicia e polo tanto ao proxecto; que non lle consta que esa obra estea recibida e sen embargo atópase aberta ao público, considerando que unha obra que está sen recibir non debería estar aberta ao público e que calquera accidente que puidera haber alí sería unha responsabilidade patrimonial e se está sen recibir a empresa que fixo a obra debería tela valada para evitar accidentes, sendo responsable en caso de habelos, polo que o equipo de goberno debería encargarse de ter esa obra sinalizada para saber quen sería o responsable no caso de que alí houbera un accidente; que pregunta tamén que teñen pensado facer para resolver o que lle está cuestionando Augas de Galicia.

Continúa o Sr. Chouciño Garrido e di que o mes pasado acordouse a resolución das instalacións deportivas "A Garrocha" e falta a fase de liquidación, preguntando como está ese tema porque non é unha cuestión menor e que o deterioro é evidente e seguramente as perdas serán cuantiosas e procedería cuantificalas canto antes e ver como se vai liquidar ese asunto; que hai alí carteis e o BNG pediu que se puxeran en contacto cos traballadores que hai non sabendo se teñen contrato ou non porque non lle consta e tamén cos usuarios pois non sabe se os usuarios perden dereitos e o goberno municipal debería reunirse con eles, así como coa axencia usuaria, que se supón estaba cumprindo coa normativa municipal; que o propio prego de condicións técnicas e administrativas establecía como

eran as taxas e todo estaba regulado, non sabendo se a axencia alí perde dereitos ou non crendo que merece unha explicación do goberno municipal.

Continúa dicindo que ten unha cuestión máis pois hai unha dación de conta dos reparos de intervención que fala da separata da rede ciclista da que el ten falado noutras ocasións que conclúe que parte da obra estase executando en terreo privado, que non consta acta de recepción de obra, que non consta no expediente a comunicación escrita ao contratista da dirección de obra a fin de realizar a recepción, que non consta informe do director técnico da obra e non consta acta de medición xeral da obra, preguntando se nestas condicións se vai poñer esta obra a disposición da xente ou se se vai rectificar o que aí se expón.

A continuación fai uso da palabra o alcalde-presidente e di que con respecto ás inundacións xa as propias aseguradoras se dirixen ao Concello para pedir os informes pertinentes e as solicitudes se fan a demanda dos afectados; que con respecto á alegación do vial 18 están todavía a analizar toda esa situación e que a próxima semana van ter unha nova reunión con Fomento e tanto o equipo de goberno como Fomento falan con parte dos veciños afectados e a próxima semana, tras a reunión que van ter con Fomento que é o órgano competente na materia, estarán en disposición de emitir un informe e unhas conclusións acerca deste tema e cumprir en prazo coas alegacións que se consideren; que con respecto á escolleira, a sanción de Augas de Galicia é por presentar fóra de prazo algunha documentación e que se a obra non cumpre co proxecto a sanción sería maior, existindo informes técnicos que acreditan que esa obra está correctamente.

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde e di que, con respecto á Garrocha, estáse seguindo o procedemento trazado por contratación e que xa se falou con todos os afectados e se sinalizou a zona, facéndose todos os informes que consideraron pertinentes tanto o departamento de contratación como a asesoría xurídica do Concello; que se están cumprindo os prazos e falando con todas as partes implicadas.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que no punto 8 da orde do día, relativo á dación de conta do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo, exercicio 2018, o informe que se presenta é de data 19 de xuño e nel, a interventora di que procede a contratación de auditorías externas tanto nos beneficiarios de subvencións financiadas con cargo aos presupostos xerais como na xestión indirecta de servizos públicos, parecéndolle dous temas moi importantes dos que se di que procede a contratación de auditorías externas, preguntando en que situación se atopan esta contratación.

Responde o alcalde-presidente e di que o informe da interventora é moi claro e di que os recursos humanos son limitados polo que haberá que contratar unha asistencia técnica, correspondéndolle ao departamento de Economía e Facenda facer a proposta para facer esa asistencia técnica que colabore co departamento de Intervención.

Intervén a Sra. Ferreiro Varela e pregunta se ata agora se fixo algo.

Responde o Sr. alcalde dicindo que se acaba de recibir o informe.

Intervén a Sra. Ferreiro Varela e di que o informe é do mes de xuño.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o departamento de facenda se atopa levando estes temas como se teñen que levar e que haberá que facer a proposta tendo en conta o que digan os técnicos municipais, considerando significativo que se pida esa auditoría porque o certo é que o Concello se atopa nunha situación precaria en materia de persoal.

Intervén a Sra. Ferreiro Varela e di que supón que se a interventora o pide será porque ten capacidade para iso.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que é o departamento de Economía e Facenda o que ten que atender ese requerimento e decidir se fai ou non esa contratación técnica.

Intervén a Sra. Ferreiro e di que a contratación faina o servizo de Contratación pero a decisión é política a proposta da interventora que é o órgano máis importante en materia de fiscalización.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que hai moitos órganos importantes.

Pregunta a Sra. Ferreiro Varela se por riba da interventora hai outros.

Responde o Sr. alcalde dicindo que ese non é o debate e que pensa que se lle contestou adecuada, correcta e claramente á súa pregunta, especialmente se se ten en conta que a Sra. Ferreiro Varela foi concelleira de Facenda do Concello de Culleredo.

A Sra. Ferreiro Varela di que a ela non lle dan as contas.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que é normal que a ela non lle dean as contas.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H